| | |
|---|---|
| **Apelidos e Nome:** | **LATÍN I** |
| **Data:** | **5ª Unidade** |

| **Morfosintaxe** | |
|---|---|
| 1 | **Ab hostĭbus lati agri dominōrum capiebantur**<br>*hostis, -is* (inimigo) : **hostĭbus** é:<br>☐ A) xenitivo sg.<br>☐ B) dativo sg.<br>☐ C) dativo pl.<br>☐ D) ablativo pl. |
| 2 | **Ab hostĭbus lati agri dominōrum capiebantur**<br>O texto tradúcese:<br>☐ A) Os amplos campos dos señores eran tomados polos inimigos.<br>☐ B) Os inimigos tomaban os amplos campos dos señores.<br>☐ C) Amplos inimigos tomaban os campos dos señores.<br>☐ D) Os señores dos amplos campos eran tomados polos inimigos. |
| 3 | **Herba in agro a militĭbus equo parātur**<br>*equus, -i* (cabalo): **equo** é<br>☐ A) xenitivo de pl.<br>☐ B) dativo de sg.<br>☐ C) acusativo de sg.<br>☐ D) ablativo de sg. |
| 4 | **Herba in agro a militĭbus equo parātur**<br>O texto tradúcese:<br>☐ A) Os soldados prepara a herba no campo para o cabalo.<br>☐ B) O cabalo come no campo a herba preparada polo soldado.<br>☐ C) A herba é preparada no campo polos soldados para o cabalo.<br>☐ D) O cabalo é preparado polo soldado para comer herba. |
| 5 | **Aurum et argentum ab hostĭbus postulabuntur**<br>*postulo, -as, -are* (reclamar): **postulabuntur** é:<br>☐ A) 1ª pers. sg. pres. indic. act.<br>☐ B) 3ª pers. pl.. fut. imp. ind. pas.<br>☐ C) 3ª pers. pl. pres. ind. pas.<br>☐ D) 2ª pers. pl. pret. imp. ind. pas. |

| | |
|---|---|
| 6 | **Aurum et argentum ab hostĭbus postulabuntur**<br>O texto tradúcese:<br>☐ A) Os inimigos reclamarán o ouro e a prata<br>☐ B) O ouro e a prata son reclamados polos inimigos<br>☐ C) Eles reclamarán dos inimigos o ouro e a prata<br>☐ D) O ouro e a prata serán reclamados polos inimigos |
| 7 | **Oppĭda virtute Romanōrum civium servabantur**<br>*civis, -is* (cidadán) : **civium** é:<br>☐ A) obxecto directo<br>☐ B) obxecto indirecto<br>☐ C) complemento de nome<br>☐ D) complemento circunstancial |
| 8 | **Oppĭda virtute Romanōrum civium servabantur**<br>*servo, -as, -are*: **servabantur** é::<br>☐ A) 2ª pers. sg. pres. indic. pas.<br>☐ B) 3ª pers. pl.. fut. imp. ind. pas.<br>☐ C) 3ª pers. pl. pret.. imp. ind. pas.<br>☐ D) 2ª pers. pl. pret. imp. ind. pas. |
| 9 | **Oppĭda virtute Romanōrum civium servabantur**<br>O texto tradúcese:<br>☐ A) O valor dos cidadáns romanos protexeu as cidades.<br>☐ B) As cidades eran protexidas polo valor dos cidadáns romanos<br>☐ C) As cidades serán protexidas polos cidadáns romanos co seu valor<br>☐ D) As cidades dos cidadáns romanos son protexidas con valor |
| 10 | **Magna violentia agri Galliae a praedatorĭbus vastantur**<br>*violentia, -ae* (violencia): **violentia** é:<br>☐ A) obxecto directo<br>☐ B) suxeito<br>☐ C) complemento circunstancial<br>☐ D) complemento axente |
| 11 | **Magna violentia agri Galliae a praedatorĭbus vastantur**<br>*vasto, -as, .-are* (devastar): **vastantur** é:<br>☐ A) 2ª pers. sg. pres. indic. pas.<br>☐ B) 3ª pers. pl. pres. ind. pas.<br>☐ C) 3ª pers. pl. pres. ind. act.<br>☐ D) 3ª pers. pl. fut.. imp. ind. pas. |
| 12 | **Magna violentia agri Galliae a praedatorĭbus vastantur**<br>*praedātor, -ōris* (bandido): **praedatorĭbus** é:<br>☐ A) obxecto directo<br>☐ B) suxeito<br>☐ C) complemento circunstancial<br>☐ D) complemento axente |

| | |
|---|---|
| 13 | **Magna violentia agri Galliae a praedatorĭbus vastantur**<br>*magnus, -a, -um* (grande): **magna** é:<br>☐ A) suxeito e acompaña a **violentia**<br>☐ B) comp. circunstancial, e acompaña a **violentia**<br>☐ C) atributo e acompaña a **violentia**<br>☐ D) complemento do nome e acompaña a **agri** |
| 14 | **Magna violentia agri Galliae a praedatorĭbus vastantur**<br>O texto tradúcese:<br>☐ A) Os campos da Galia son devastados pola gran violencia dos bandidos<br>☐ B) Os galos ven os seus campos devastados pola gran violencia dos bandidos<br>☐ C) Os bandidos devastan os campos da Galia con gran violencia<br>☐ D) Os campos da Galia son devastados polos bandidos con gran violencia |
| | **Léxico** |
| 15 | As consoantes finais do latín tenden a:<br>☐ A) manterse excepto en monosílabos e no caso de *s* e *l*<br>☐ B) cambiar a vogal excepto en monosílabos e no caso de *s* e *l*<br>☐ C) manterse en todas as posicións e contextos<br>☐ D) desaparecer excepto en monosílabos e no caso de *s* e *l* |
| 16 | **Ex professo** quere dicir :<br>☐ A) Adrede.<br>☐ B) Sen querer (e ademais escríbese **ex proceso**).<br>☐ C) E o demais.<br>☐ D) Bruscamente. |
| | **Legado** |
| 17 | A reforma do goberno do Imperio impulsada por Diocleciano chamouse:<br>☐ A) Tetrarquía<br>☐ B) Diarquía<br>☐ C) Monarquía<br>☐ D) Democracia |
| 18 | O Dominado comprende os anos:<br>☐ A) 753-509 a.C.<br>☐ B) 29 a.C.-284 d.C.<br>☐ C) 14-96 d.C.<br>☐ D) 284-476 d.C. |
| 19 | Con Teodosio:<br>☐ A) Divídese definitivamente o Imperio e o cristianismo é oficial<br>☐ B) Unifícase definitivamente o Imperio e o cristianismo é oficial<br>☐ C) Divídese definitivamente o Imperio e o cristianismo é perseguido<br>☐ D) Unifícase definitivamente o Imperio e o cristianismo é perseguido |
| 20 | Constantino:<br>☐ A) Prohibe o cristianismo e declara a Roma capital eterna do Imperio<br>☐ B) Autoriza o cristianismo e declara a Roma capital eterna do Imperio<br>☐ C) Funda Constantinopla e declara fóra da lei aos cristiáns<br>☐ D) Funda Constantinopla e declara a liberdade de cultos |

**=> Nota** : Cada ítem correcto = 0,50 puntos.